Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO

2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Xeografía mítica

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A Casa da Moura

A Casa da Moura é un monumento megalítico situado no concello de Calvos de Randín (Ourense).

Cóntase que cando pasaba por alí un pobre (noutras versións dise que era unha nena) de mañá cedo para a feira do doce saíu un mouro (noutras versións dise que lle saíu unha moura) e preguntoulle:

—E logo, para onde vai?

—Voulle para a feira mercar uns porquiños.

—¿E ten moito diñeiro para os mercar?

—Ai, señor, eu diñeiro téñolle pouquiño.

—Ben, pois vas á feira e mercas dous porcos, dos mellores que haxa. E espérasme alí, ti e mailos que chos vendan. E despois vou eu e págollelos.

Pasou todo segundo dixo o mouro; e o mouro quedou cun porco e o home con outro. Entón, o mouro díxolle ao home:

—Mira, tráeme aquí todas as mañás cedo medio neto de leite (noutras versións dille que lle traia pan). Ti non chames por ninguén. Déixamo neste sitio que xa terás nel un peso todos os días. E así sempre. E ten tino de non dicir nada a ninguén, que estas cousas non se poden dicir.

E por moito tempo o home levou o leite e colleu os cartos.

Mais a súa muller (nas versións protagonizadas por unha nena é a nai a que intervén) sempre lle andaba

dicindo:

¿De onde che veñen os cartos? Porque antes non tiñamos case ningún e agora temos moitos. Ti tes que ter unha amiga que chos dá.

E o home contestáballe:

Non, muller, non. Ti come e bebe, e a min déixame, que eu non teño amiga ningunha.

E ela volvía a porfiar:

Pois ti tesmo que dicir, que de algún lado che veñen.

E tanto porfiou, e tanto fixo, que o home rematou por llo dicir.

Ao outro día de mañá foi co leite mais ao chegar ao sitio sinalado, en vez de cartos, atopou un corno cun letreiro que dicía:

Falaches, corneaches

BIBLIOGRAFÍA

FONTE:

LÓPEZ CUEVILLAS, F. e LOURENZO, X. Vila de Calvos de Randín. Notas etnográficas e folklóricas, Compostela, Seminario de Estudos Galegos, 1930.

BIBLIOGRAFÍA:

APARICIO CASADO, Buenaventura, Mouras, serpientes, tesoros y otros encantos. Mitología popular gallega, Cadernos do Seminario de Sargadelos, 80, Edicións do Castro, Sada, 1999.

VAQUEIRO, Vítor, Guía da Galiza máxica, Galaxia, Vigo, 1998.